

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN ARELA NO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE CAPTACIÓN, VALORACIÓN, FORMACIÓN E SEGUIMENTO DE PERSOAS OU FAMILIAS PARA CONVIVIR CON ADOLESCENTES QUE TEÑAN QUE CUMPRIR UNHA MEDIDA DE CONVIVENCIA CON PERSOA OU FAMILIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formaliza coa Asociación Arela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Arela para o financiamento dun programa dirixido á captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con menores que teñan que cumprir unha medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, posibilitando o mantemento dunha rede que permita en todo momento a execución das medidas deste tipo que diten os xulgados de menores de Pontevedra.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar **fundaméntase** no seguinte:

Primeiro. O artigo 45.1 da lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM), atribúe ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes para o que levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

Segundo. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na LORPM.

Terceiro. O artigo 7.1.j) da LORPM regula dentro das medidas susceptibles de ser impostas aos menores, a de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta a súa ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionados para orientala no seu proceso de socialización.



Cuarto. A imposición desta medida resulta efectiva, tanto na súa dimensión cautelar como propiamente sancionadora-educativa, nos supostos en que é necesario extraer á persoa menor do domicilio, cando non proceda o seu ingreso en réxime de internamento. Persegue a resocialización íntegra do/a menor a través da aprendizaxe, mediante a súa integración nun núcleo familiar que se considera máis axeitado para o seu desenvolvemento persoal.

Na actualidade esta medida se impón na meirande parte dos supostos, no caso de delitos de malos tratos cometidos contra os seus ascendentes. O seu obxectivo é o retorno da persoa menor axuizada por maltrato ao núcleo familiar contra cuxos membros delinquiru, unha vez superados e corrixidos os patróns desviados da conduta. O exame do número de medidas desta natureza impostas dende a entrada en vigor da LORPM amosa que son o Xulgado de menores de Pontevedra os que máis impuxeron esta medida.

Quinto. De acordo co establecido no artigo 19 do Decreto 1774/2004, do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, para a execución da medida a entidade pública seleccionará á persoa, familia ou grupo educativo que considere máis idóneo, entre os que se ofrezan e acepten voluntariamente a convivencia.

Sexto. A asociación ARELA, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E4168, é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade en Galicia en situación de desprotección e/ou conflito social, fomentando iniciativas de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

Esta entidade colabora con esta Consellería de Política Social na execución das medidas non privativas de liberdade, levando a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto na provincia de Pontevedra o que implica un coñecemento directo do perfil das características dos menores e facilita a selección da persoa ou familia máis axeitada para colaborar na execución da dita medida.

Así mesmo, asinou no ano 2018 un convenio coa Consellería de Política Social co fin de desenvolver na provincia de Pontevedra un programa destinado á captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias para convivir con adolescentes que teñan que cumprir coa medida de convivencia na súa vertente de persoa ou familia, configurando unha rede de contactos e relacións que permitiu a súa máxima difusión e o cumprimento do obxectivo do programa; conseguir contar cun banco de persoas ou familias que convivan cos menores proporcionándolle un ambiente familiar favorecedor que posibilita o seu correcto desenvolvemento social e persoal.

Sétimo. A Consellería de Política Social e a Asociación Arela teñen como obxectivo común procurar a súa reinserción e reeducación das persoas menores.

Oitavo. Dado que a Entidade Pública non dispón de medios persoais que lle permitan levar a cabo un programa destinado á captación, valoración, formación e seguimento de persoas ou familias que estean interesadas en convivir con adolescentes na provincia de Pontevedra, e tendo en conta a experiencia da entidade na provincia de Pontevedra, que a configura como referente para persoas ou familias interesadas en convivir con menores nesas provincias, considérase necesario acudir a unha fórmula colaborativa para o desenvolvemento do programa.

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada á sinatura do instrumento convencional que se pretende con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

A directora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia

María Amparo González Méndez

